

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía aos efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que o Pleno da Corporación deberá celebrar, despois de emitido o decreto de cambio de data da sesión correspondente ao 4 de maio do corrente (nº 218/2023 de 26.04.23), notificado aos membros da Corporación e publicado e emitido o decreto de convocatoria de data 27.04.23,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

CONVOCO sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro, **MERCORES día 3 de MAIO /2023 ás 10 HORAS, 30 MINUTOS**, en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións do 30.03.23 (Ordinaria) e 24.04.23 (extraordinaria).
- 2º.- Proposta elección cargo Xuíz de Paz Titular.
- 3º.- Proposta elección cargo Xuíz de Paz substituto.
- 4º.- Convenio urbanístico para a incorporación de ordenación detallada a un sector de solo urbanizable a delimitar na revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Valdoviño, en tramitación.
- 5º.- Sorteio público para designar os Membros das Mesas (Presidentes e Vogais) e dos suplentes, como consecuencia de convocatoria efectuada en Real Decreto 207/2023 de 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asambleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023; publicación en Boletín Oficial do Estado nº 80 de data 4 de abril de 2023.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- 6º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de marzo de 2023.
- 7º.- Dar conta de resolución de aprobación do Plan Presupostario a medio prazo 2023-2025 e da comunicación da mesma a través da oficina virtual das entidades locais.

8º.- Dar conta de informe de tesoureiría sobre cumprimento de prazos para o pago das obrigas, correspondente ao 1º trimestre de 2023.

9 º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE